

A memoria e as cicatrices

Agustín Fernández Paz percorre en *Noite de voraces sombras* un universo inzado polo amor e a recuperación da memoria.

RAMÓN NICOLÁS | As inequívocas referencias de José Ángel Valente presentes no título deste novo volume do escritor chairego Agustín Fernández Paz, en concreto un verso do póstumo *Fragmentos de un libro futuro* do escritor ourensán, sitúanos con acerto e alto poder evocador diante dun dos exercicios narrativos de maior ambición e lograda factura entre a xa abondosa nómina de achegas dun dos nosos escritores de maior éxito, cómpre reconócelo, entre os lectores máis novos.


Este libro ha marcar, a meu parecer, un punto de inflexión na obra de Fernández Paz, nalguna medida preanunciado nas súas últimas novelas, se se quer dominadas por unha vontade maior de trascendencia, como son *Aire negro* ou *O centro do labirinto*, posuidoras dun semellante alecto creativo.

Noite de voraces sombras, sen esquecer a axilidade e claridade expositivas, nin outros valores característicos como a acaída dosificación da intriga que sempre exhibe, intéñase, moi conscientemente, polos vieiros dunha temática pouco común entre a producción literaria do autor: a evocación da Guerra Civil e as súas funestas consecuencias, isto é, unha auténtica recreación na dor que as fendas do conflicto producían en tantos e tantos, un desvelamento deses soños rotos que se intentan, senón reconstruir, si situar



no seu punto xusto e outorgarlle a dimensión e relevancia xusta para que, alén do gozo estrictamente lector -que sen dúbida agromafórmase homes e mulleres con memoria, algo cada día máis e más imprescindible. A novela, destinada nunha colección en principio orientada a lectores xuvenís, non deberá desnortar ao lector adulto, pois teño para mim que encerra valores cun atractivo semellante para uns e outros. O autor, a partir do retallo dunha noticia de xornal na que desvelaba que, tras un tabique, apareceran libros e papeis agachados dun mestre republicano, articula un relato que se insire con forza propia no ronsel doutras achegas contemporáneas a este tema. Deste xeito, vaiseños conduciendo pola vagarosa descuberta, desde os ollos dunha adolescente, do que significou a Guerra Civil a través da reconstrucción do periplo biográfico e sentimental dun tío carnal a quem non chegara nin sequera a coñecer.

Xa que logo, será Sara, esa protagonista adolescente, quen vai varrendo a densa capa de po que cobre a historia e, desde a proximidade dos acontecimentos ocorridos que contribuirán á súa madurez como persoa, estando por veces sometida a un milimétrado proceso de autosuxestión e desacougo, vaia decatándose de que existe un mundo oculto desde o ano 1936 no seo da



Fernández Paz analiza as consecuencias da Guerra Civil en «Noite de voraces sombras»

súa propia familia.

Combinase, así pois, este relato coa presencia doutras voces narrativas como son o rexistro, pulcro e emocionante, que conteñen tanto un diario de prisión como un corpus epistolar no que salientan as cartas desoutra Sara, compañeira sentimental e de esperanzas do seu tío Moncho, ambos e dous mestres que acreditaban cegamente nos ideais republicanos e galeguistas. Por fin, un anel descubierto na illa de San Simón,

lugar onde estivera preso o familiar de Sara, simboliza, na súa circularidade e perdurabilidade, que hai lugar para a esperanza e o reencontro alén das fronteiras crónicas, que ainda se pode actuar contra o esquezo evitando a desmemorización a través desa estremecedora reconstrucción dunha historia familiar de amor, truncada pola distancia, as condenas e o exilio, pero que desprende un pouso esperanzado depositado nas novas xeracións.